

Concello de Ponteareas

Expediente núm.: 5653/2018

Procedemento: Selección de Persoal e Provisión de Postos Bolsa de Emprego TAX

Interesado: Concello de Ponteareas

Data de iniciación: 24/08/2018

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que se tramitou o correspondente expediente para a constitución de bolsa de emprego de Técnico da Administración Xeral do Concello de Ponteareas que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, celebrándose o primeiro exercicio teórico o día 12-3-2019, co resultado que obra na acta levantada polo tribunal calificador ó efecto.

Vista a acta do Tribunal de selección correspondente ó segundo exercicio que tivo lugar o día 22-3-2019 na que resultaron as seguintes calificacións dos aspirantes:

Identidade do Aspirante	DNI	Puntos Obtidos	Cualificación [Apto/Non Apto]
<i>Karima Rodríguez Cruz</i>	****089D	8,88	Apto
José R. Rodríguez Juncal	****519S	7,13	Apto
Eulalia Varela Carballude	****036J	7,63	Apto
Pablo Escobero Cela	****126E	8,63	Apto
Clara Freitas Rodríguez	****648J	5,75	Apto

Resultando que efectuadas as operacións pertinentes o Tribunal de Selección formulou a proposta da relación de aspirantes aprobados seguinte:

	Identidade do Aspirante	DNI	Puntos Obtidos
1	<i>Karima Rodríguez Cruz</i>	****089D	8,26

Concello de Ponteareas

2	Eulalia Varela Carballude	*****036J	6,91
3	Pablo Escobero Cela	*****126E	6,82
4	José R. Rodríguez Juncal	*****519S	6,38
5	Clara Freitas Rodríguez	*****648J	6,00

Examinada a documentación que acompaña a acta, a obrante no expediente de referencia e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a constitución da bolsa de emprego de Técnico da Administración Xeral que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público deste Concello, coa seguinte relación de aspirantes:

Identidade do Aspirante	DNI	Puntos Obtidos
<i>Karima Rodríguez Cruz</i>	*****089D	8,26
Eulalia Varela Carballude	*****036J	6,91
Pablo Escobero Cela	*****126E	6,82
José R. Rodríguez Juncal	*****519S	6,38
Clara Freitas Rodríguez	*****648J	6,00

SEGUNDO. Dado que todos os aspirantes seleccionados contan co título CELGA 4, quedan eximidos todos eles da celebración do terceiro exercicio de galego segundo o disposto na base 5, aos efectos oportunos.

TERCEIRO. Notificar aos interesados a súa inclusión dentro da bolsa de emprego mediante a publicación da relación de aspirantes incluídos na bolsa na páxina web do Concello e no tablón de edictos, que debe quedar permanentemente actualizada na sede electrónica municipal.



Concello de Ponteareas

Ponteareas, documento asinado electrónicamente.-

Recursos.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía de Ponteareas, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.